

Cultura 28.feb.2008

El Correo Gallego cultura@elcorreo gallego.es 75

Cultura defende o seu proxecto

FEIRA DO LIBRO DA HABANA ▶ A consellería de Ánxela Bugallo investiu na cita cubana 1,3 millóns de euros, dos 3,5 millóns fixados no orzamento para proxección exterior da cultura galega ▶ Os participantes no evento cualifican de "éxito" unha experiencia que reuniu todos os sectores creativos

A.C./AGN • SANTIAGO

A Consellería de Cultura destinou á Feira Internacional do Libro da Habana 1,3 millóns de euros, dos 3,5 contemplados nos Orzamentos do 2008 para proxección exterior da cultura galega. Así o afirmou onte a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, quen cualificou a experiencia de "éxito".

Malia as críticas, o certo é que o gasto doutras comunidades que "nos levan 25 anos de vantaxe" e que asistiron a eventos similares foi superior. Así, Bugallo referiu-se ao investimento de 3 millóns de euros realizado por Andalucía como convidada de honra na Feira do Libro de Guadalajara (México) en 2006, que levou 360 participantes, ou aos 11,5 millóns de euros que Cataluña destinou á asistencia como cultura convidada en Frankfort 2007.

De volta da Habana, a conselleira e os membros da delegación galega na Feira do Libro, explicaron os frutos da presenza de Galicia como convidada de honra no evento cultural internacional.

"Foi un marco moi frutífero para contactos estratégicos con axentes culturais latinoamericanos", asegurou Bugallo, quen cre que a Feira serviu como "primeiro paso clave da estratexia de proxección en alto nivel", un dos obxectivos fundamentais do seu departamento.

Defenderon esta idea o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; o vicerreitor de Cultura da Universidade



Foto de familia, onte no CGAC, dos autores e autoridades participantes na Feira do Libro da Habana

RAMÓN ESCUREDO

REACCIÓN

A necesidade dun mercado no exterior

Miguelanxo Prado sinalou tamén a necesidade de que a cultura galega se dea a coñecer fóra: "quiero traballar en Galicia como galego, pero non podo vivir do meu traballo só co mercado interior", polo que se fai preciso a proxección exterior para o desenvolvemento da creación do país.

Para a conselleira, as críticas débense á "falla de coñecemento da cultura do noso país".

"Os argumentos contra a cultura galega nada teñen que ver coa cultura galega", sinalou a responsable de Cultura, en referencia ás acusacións sobre o apoio da Xunta ao Goberno de Castro coa súa visita á Habana, e lembrou as viaxes do ex presidente da Xunta Manuel Fraga ou a asistencia de España como convidado á feira durante o Goberno de José María Aznar.

"Cando sae das súas fronteiras, todo o mundo reconoce o valor e a calidade da cultura galega, ándia que dentro hai xente que non é consciente desta riqueza", lamentou Bugallo, quen lle agradeceu á embaixada cultural galega a súa "calidade" e "esforzo" demostrados na Feira da Habana.

AS CLAVES

Críticas no fragor da campaña electoral

▶ "Que Galicia sexa criticada por investir en sentar bases para a proxección da súa cultura é consecuencia da ignorancia e da concepción da cultura como arte para élites", argumentou o presidente dos editores galegos, García San Martín, quen cifrou as críticas á participación galega na feira polo "fragor da campaña electoral"

Unha representación "ampla e plural"

▶ Un total de 150 artistas e intelectuais galegos protagonizaron 200 actividades culturais, 11 exposicións e publicacións ex profeso para a feira. Un plan que xa se levaba xestando dende febreiro do 2006 para amosar en Cuba "unha representación ampla e plural" dunha cultura "viva, puxante e creativa", segundo o director xeral Luis Bará ■

de Santiago, Elías Torres; o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, e o presidente da Asociación Galega de Editores, Alfonso García Sammartín, que salientaron o "orgullo" pola propia cultura amosada na feira, igual que o resto dos editores, escritores e artistas participantes.

"Ata o de agora nunca se fixera nada nesta dirección, e en dous anos e medio colocámmonos como convidados de honra na Habana e pedimos ser convidados na Feira de Guadalajara en 2011", lembra a conselleira.